

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas do día dezanove de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asiste e presenta escusa don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, se remitiron a esta Alcaldía os expedientes que a continuación se relacionan:

- Expediente núm. 2020/C002/000030 correspondente á adxudicación do servizo consistente na organización e desenvolvemento das actuacións artísticas que amenizarán o Entroido Pequeno de Cambre 2020
- Expediente núm. 2020/C002/000032 correspondente á adxudicación do servizo consistente na produción da festa do Entroido en Cambre 2020
- Expediente núm. 2019/C005/000010 correspondente á adxudicación da subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021

A urxencia da convocatoria vén motivada porque as características mínimas dos servizos requiridos para a produción do Entroido en Cambre 2020 (actividades, desfile, concurso e actuacións do Entroido Pequeno) terán lugar a partir do xoves 20 de febreiro de 2020, e que a primeira das actuacións artísticas que amenizarán este evento celebrárase con motivo do descuberto do Meco, o venres 21 de febreiro de 2020, momento en que oficialmente terá lugar o comezo do Entroido e que o expediente de subministración de material de papelería e oficina ten por obxecto o desenvolvemento dos cursos correspondentes ao curso académico xa comezados.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Expedientes de contratación

2.1. Adxudicación do servizo consistente na organización e desenvolvemento das actuacións artísticas que amenizarán o Entroido Pequeno de Cambre 2020 á entidade Galicia Vella de Inversiones y Lógica, S.L., no prezo ofertado de 11.999,00 euros sen IVE, 14.518,79 euros (IVE incluído). Expediente número 2020/C002/000030

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 06/09/2020 elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, don José Luis Martínez Názara, a memoria para a contratación do servizo consistente na organización e desenvolvemento das actuacións artísticas que amenizarán o Entroido Pequeno de Cambre, cuos actos se celebrarán entre os días 21 de febreiro e 1 de marzo actual, cun orzamento de 12.150,00 euros sen IVE, 14.701.50 euros IVE incluído.

Con mesma data do 06/02/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación nas competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, tendo en conta que a festividade do Entroido conforma un amplo programa de actos que contan cunha importante participación veciñal e constitúe unha festa con forte arraigo popular, que pretende estimular a participación cidadá e maila relación interxeracional, así como a cohesión social. Para o desenvolvemento do programa de actos, preténdese contratar unha serie de actuacións artísticas, tendo en conta que a programación cultural está condicionada polas propostas culturais ofertadas a través de diversos programas que outras Administracións poñen a dispor dos Concellos, como pode ser a “Rede Cultural da Deputación da Coruña”, “Cultura no Camiño”, etc., e que a rede integrante dos artistas destes programas varía no tempo, ao igual que as necesidades técnicas que levan consigo, ademais de atoparse condicionada polo orzamento de cada exercicio e pola dispoñibilidade dos propios artistas.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para a execución dos traballos obxecto da contratación, considerase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, englobando dentro do ámbito do contrato todo o repertorio artístico do evento; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP.

Con data 27/01/2020 emítese documento contable de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334.22609.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 13/02/2020 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- ..Galicia Vella
- Clave de Fa, S.L.U.
- Trebol Musical, S.L.

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGISTICA, S.L.	14.518,79 €
CLAVE DE FA, S.L.U.	14.701,50 €
TREBOL MUSICAL, S.L.	14.641,00 €

formulando proposta de adjudicación do servizo de organización e desenvolvemento das actuacións artísticas que amenizarán o Entroido Pequeno de Cambre , á entidade Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L. co CIF: B 3693---- e domicilio na rúa Alcalde Lens nº 23, baixo, 15010 A Coruña, no prezo ofertado de 11.999,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total de 14.518,79 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, sen atoparse ningunha delas incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 17 de febreiro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 31/2020- Reparó núm. 11 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 18/02/2020.

Tendo en conta os informes emitidos polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 18 de febreiro actual, nos que consta que a programación cultural está condicionada polas propostas culturais ofertadas a través de diversos programas que outras Administracións públicas poñen a dispor dos Concellos, e que a rede integrante dos artistas destes programas varía no tempo, ao igual que as necesidades técnicas , impedindo a realización dunha programación artística plurianual, ademais de que a contratación de artistas e espectáculos tamén está condicionada polos orzamentos de cada exercicio e a propia axenda do artista, polo que informa favorablemente a contratación ao se tratar de competencias e necesidades de interese público.

Visto canto antecede , por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria elaborada polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con data 06/02/2020 para a contratación do servizo consistente na organización e desenvolvemento das actuacións artísticas que amenizarán o Entroido Pequeno de Cambre 2020, cujos actos se celebrarán entre os días 21 de febreiro e 1 de marzo actual, cun orzamento de 12.150,00 euros sen IVE, 14.701.50 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334.22609

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000030, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, quedando motivada a necesidade do contrato no exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no artigo 118.1 LCSP.

Cuarto: Adxudicar o contrato do servizo consistente na organización e desenvolvemento das actuacións artísticas que amenizarán o Entroido Pequeno de Cambre 2020 á entidade Galicia Vella de Inversiones y Lóxística, S.L., co CIF: B 3693---- e domicilio na rúa Alcalde Lens nº 23, baixo, 15010 A Coruña, no prezo ofertado de 11.999,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total de 14.518,79 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido (prezo máis baixo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Setimo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Adxudicación do servizo consistente na produción da festa do Entroido en Cambre 2020, á entidade Alcalá Fraga Eventos, S.L., no prezo ofertado de 13.250,00 euros sen IVE, 16.032,50 euros IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000032

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 06/09/2020 elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, don José Luis Martínez Názara, a memoria valorada para a contratación do servizo consistente na produción da festa do Entroido en Cambre 2020, cuos actos se celebrarán entre os días 20 e 29 de febreiro actual, cun orzamento de 13.391,00 euros sen IVE, 16.203,11 euros IVE incluído.

Con mesma data do 06/02/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación nas competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, tendo en conta que a festividade do Entroido constitúe unha festa tradicional moi arraigada en Galicia, que se realiza ao aire libre e que redonda na mellora da convivencia e da interrelación veciñal. Coa contratación proposta preténdese a realización dunha serie de servizos e mailo alugueiro dos elementos necesarios para a celebración do Entroido, que ten como acto principal a celebración do “Entroido Pequeno” o día 29 de febreiro, incluíndo os elementos a subministrar para a realización do concurso do Entroido e os necesarios para as actuacións musicais, así como para a realización de festas infantís no Temple e Cambre.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para a execución dos traballos obxecto da contratación, considerase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, englobando dentro do ámbito do contrato todos os servizos e subministracións necesarios, así como o persoal para atender os equipos, ademais da vixilancia e seguridade que garanta o adecuado desenvolvemento do proxecto; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP.

Con data 27/01/2020 emítese documento contable de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 334.22609.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 13/02/2020 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- Alcalá Fraga Eventos, S.L.
- Paflipar, S.C.
- Oscar Cernadas Meijide

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
Alcalá Fraga Eventos, S.L	16.032,50 €
Paflipar, S.C.	16.189,80 €
Oscar Cernadas Meijide	16.201,90 €

formulando proposta de adjudicación do servizo consistente na produción da festa do Entroido en Cambre 2020, á entidade Alcalá Fraga Eventos, S.L. co CIF: B 7056---- e domicilio na rúa Juan de la Cierva nº 5, porta JW, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 13.250,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total de 16.032,50 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, sen atoparse ningunha delas incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 17 de febreiro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 30/2020- Reparación núm. 10 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 18/02/2020.

Tendo en conta os informes emitidos polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 18 de febreiro actual, nos que consta que a programación cultural está condicionada polas propostas culturais ofertadas a través de diversos programas que outras Administracións públicas poñen a dispor dos Concellos, e que a rede integrante dos artistas destes programas varía no tempo, ao igual que as necesidades técnicas, impedindo a realización dunha programación artística plurianual, ademais de que a contratación de artistas e espectáculos tamén está condicionada polos orzamentos de cada exercicio e a propia axenda do artista, polo que informa favorablemente a contratación ao se tratar de competencias e necesidades de interese público, así como o Decreto da Alcaldía nº 269/2020 de data 18/02/2020 no que se acorda o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria elaborada polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con data 06/02/2020 para a contratación do servizo consistente na produción da festa do Entroido en Cambre 2020,

cuios actos se celebrarán entre os días 20 e 29 de febreiro actual, cun orzamento de 13.391,00 euros sen IVE, 16.203,11 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 334.22609

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000032, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, quedando motivada a necesidade do contrato no exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura, que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no artigo 118.1 LCSP.

Cuarto: Adxudicar o contrato do servizo consistente na produción da festa do Entroido en Cambre 2020, á entidade Alcalá Fraga Eventos, S.L. co CIF: B 7056---- e domicilio na rúa Juan de la Cierva nº 5, porta JW, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 13.250,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total de 16.032,50 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido (prezo máis baixo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Setimo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Adxudicación da subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021 a prol do licitador Paz Dismac, S.L., no prezo ofertado total por curso académico para os cursos subvencionados de 2.724,22 euros sen IVE, 3.296,31 euros IVE incluído. Expediente núm. 2019/C005/000010

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000010 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación: factor prezo), da “Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, cun orzamento base de licitación para un curso académico de 10.979,30 € IVE incluído, atopándose o presente expediente suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, debido a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego.

As especialidades formativas destinatarias das subministracións fóron as seguintes :

- Soldadura con electrodo revestido e TIG
- Soldadura oxigás e soldadura MAG-MIG
- Montaxe emantemento de instalacións solares térmicas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Taller Emprego PROXEDIS-PROWEB

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte ao único criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e que consta na Acta do órgano de asistencia de data 16 de decembro de 2019.

Visto que o licitador inicialmente mellor valorado e a prol do que se efectuou proposta de adxudicación segundo consta na Acta do órgano de asistencia de data 27/12/2019 , “Buro Planet SLU”, non achegou a documentación requirida de acordo ao establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, o que leva consigo que se considere retirada a súa oferta, segundo consta na acta do órgano de asistencia designado para o presente procedemento de data 16 de xaneiro de 2020

Vista a proposta de adxudicación efectuada polo órgano de asistencia segundo Actas dos días 16 e 30 de xaneiro de 2020 a prol do licitador “Paz Dismac, S.L.”, por ser a seguinte entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación (oferta económica) que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe emitido pola axente de desenvolvemento local municipal con data 29 de xaneiro de 2020, ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2020.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario , “Paz Dismac, S.L.”, o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a

documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, segundo informe da axente de desenvolvemento local municipal de data 13 de febreiro de 2020.

Tendo en conta que, segundo consta na cláusula 8 e epígrafe 5 do Anexo I (Cadro de Características do Contrato), do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, e máis no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 8 de outubro de 2019 no seu punto Terceiro,

*“O presente contrato está **suxeito a tramitación anticipada**, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego.*

Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece que “Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente”, tanto a adxudicación do presente contrato , como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada á Xunta de Galicia.”

Visto que do informe emitido pola axente de Desenvolvemento con data do 13 de febreiro de 2020, se deriva que , da totalidade dos cursos para os que se solicitaba a subvención, soamente se concedeu financiación para os seguintes:

- Soldadura con electrodo revestido e TIG
- Soldadura oxigás e soldadura MAG-MIG
- Taller Empleo PROXEDIS-PROWEB

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 17 de febreiro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 32/2020 FASE D emitido polo interventor municipal con data do 18 de febreiro actual .

De conformidade co establecido nas cláusulas 8 e 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 e máis na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e á vista da concesión parcial da subvención solicitada á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, e cuio outorgamento constitue condición suspensiva tanto para a adxudicación do presente contrato como para a súa posible prórroga,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade coas propostas formuladas con data 18 de novembro e 16 de decembro de 2019 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Paz Dismac, S.L.
- Buro Planet, S.L.U.
- Recutón I, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 18 de novembro de 2019 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, excluír a oferta presentada polo licitador "Hermanos Cebrián, S.L." por adolecer de omisión que impide coñecer datos que a Administración estima fundamentais para considerar a oferta, por non ter adxuntado ao Modelo de Proposición presentado o orzamento co cadro de prezos desglosados que se esixe na cláusula 14.2 do PCAP, e por tanto, non axustarse ao establecido para a presentación das ofertas polo prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, non sendo subsanable en ningún caso a oferta económica presentada polos licitadores, todo isto de conformidade co establecido nas cláusulas 14.2 e 15.1 do PCAP, e art. 139.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Terceiro: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de apertura e valoración de ofertas de data 16 de decembro de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas na súa correspondente orde decrecente, así como o límite para o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas inferiores ao prezo por curso académico de 7.561,20 euros :

LICITADORES	Oferta sen I.V.E.	Oferta con I.V.E.	Puntuación
BUROPLANET S.L.U.	5.280,45 euros	6.989,33 euros	100,00 puntos
PAZ DISMAC S.L.	5.961,29 euros	7.213,16 euros	88,58 puntos
RECUTONI I S.L.	6.271,46 euros	7.587,22 euros	84,21 puntos

De conformidade co establecido na cláusula 15.2.2 do PCAP, do cálculo das ofertas anormalmente baixas, resultan anormalmente baixas todas as ofertas inferiores a 7.561,20 euros, (IVE excluído), circunstancia na cal se atopan todas as ofertas presentadas.

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada con data 16 de xaneiro de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, dar por retirada a oferta presentada pola entidade que obtiña a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración aplicable ao presente expediente, "Buro Planet, S.L.U." de conformidade co establecido na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, en virtude da cal "*De non cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, solicitándose, neste caso, a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que queden clasificadas as ofertas*", e co establecido no artigo 159.1. f) 4º da LCSP, que establece que "*No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, se efectuará proposta de adxudicación en favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituir a garantía definitiva...*", todo isto tendo en conta que a entidade, en favor da que se efectuou proposta de adxudicación, non presentou a documentación previa establecida na cláusula 159.4.f.4) da LCSP e cláusula 16 do PCAP requirida no prazo outorgado.

Quinto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 30 de xaneiro de 2020, e tendo en conta o informe emitido pola axente de desenvolvemento local municipal con data do 29/01/2020, declarar que a empresa "Paz Dismac, S.L." xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, e tendo en conta que o presente

contrato está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, debido a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, polo que , tanto a adxudicación do presente contrato, como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada, e tendo en conta así mesmo o informe emitido pola axente de Desenvolvemento local de data 13 de febreiro actual,

Adxudicar a “Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021” á empresa “Paz Dismac, S.L.”, con NIF *****2180 e domicilio en rúa Ramón González nº 3 – 36400 O Porriño (Pontevedra), no prezo ofertado por curso académico para os cursos subvencionados de 2.724,22 euros sen IVE, 3.296,31 euros IVE incluído, e nos prezos por curso académico e por actividade que seguidamente se relacionan, por ser a seguinte entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento (prezo ofertado á baixa), toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

ESPECIALIDADE FORMATIVA	Coste base	10% Gastos Xerais	6% Benef Ind	Orzamento Total sen IVE	21% IVE	TOTAL ORZAMENTO
Soldadura con electrodo revestido e TIG	224,08	22,41	13,44	259,93	54,59	314,52
Soldadura oxigás e soldadura MAG-MIG	214,12	21,41	12,85	248,38	52,16	300,54
Taller Empleo PROXEDIS-PROWEB	1.910,27	191,03	114,62	2.215,91	465,34	2.681,25
TOTAL	2.348,47	234,85	140,91	2.724,22	572,09	3.296,31

Os anteriores prezos por curso académico e actividade establécense sen perxizo dos prezos unitarios que constan no orzamento desagregado que se achega á proposición económica do adxudicatario formando parte dela.

A posible prórroga do contrato ao curso 2020-2021, queda suxeita á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención que se solicite á Xunta de Galicia.

Sexto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

De conformidade co establecido na cláusula 21 do Pregro de cláusulas administrativas particulares, o licitador presentará, antes de comezar a execución do contrato e unha vez asinada a aceptación do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, unha copia dun Seguro de Responsabilidade Civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas de Responsabilidade Civil da actividade obxecto do contrato e a Responsabilidade Patronal, cunha contía mínima de 600.000 euros por sinistro e un sublímite mínimo de 300.000 euros por vítima. Así mesmo presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago da devandita póliza.

Sétimo: Nomear como responsable do contrato á axente de desenvolvemento local municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei



9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Óscar A. Garcia Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia